

SAÚDA DO ALCALDE

Tronan os bombo, soan as aixadas, os boteiros coas súas esquilas repenican. Que pasa??
Chegou o ENTROIDO.

Chegaron os días da diversión, das tradicións con séculos de historia, espertan os sentidos e os sentimentos que os vianeses levan nos seus xenes. Volveron os esperados días nos que aparece con máis forza o orgullo Vianés.

O aroma a androlla esparéxese, a festa dos 50 síntese, a boca ansía o manxar.

As veciñas e veciños que están fora regresan coa chamada das esquilas e o aroma da androlla, e os foráneos non poden resistir os sons, as músicas, a beleza, os sabores e os olores de Viana. O Fuliñon chama nas portas.

Os problemas desaparecen entre os saltos dos boteiros, espantados pola forza e o impulso dos bombos e as aixadas, entre a fariña. As nenas e nenos gozan da diversión e os adultos compórtanse como pequenos. É o ENTROIDO, é a ANDROLLA é o ADN de Viana do Bolo.

A GOZAR DO ENTROIDO!!

A GUSTAR DA ANDROLLA!!

VIVA VIANA!!




Festa de Interese Turístico Galego

ENTROIDO 2020

50 FESTA DA ANDROLLA

DO 13 AO 26 DE FEBREIRO

VIANA DO BOLO



CONCELLO DE
VIANA DO BOLO

XOVES DE COMPADRES - 13 de Febreiro

00:00 Colga do Lardeiro - Fulión.

Mañá: Visita do fulión das nenas e nenos do CEIP Bibeí ás Residencias de Maiores.

Tarde/noite: Fariña, disfraces, fulión e cea de compadres.

SÁBADO 15 de Febreiro Disputas

Mañá: Pixeiros - Solveira.

Tarde: Caldesiños.

XOVES DE COMADRES - 20 de Febreiro

00:00 Colga da Lardeira - Fulión.

Mañá: Desfile das nenas e nenos do CEIP Bibeí polas rúas de Viana.

Tarde/noite: Fariña, disfraces, fulión e cea de comadres.

VENRES 21 de Febreiro

Fariña, disfraces, fulión.

SÁBADO 22 de Febreiro Disputas

Mañá: Penouta.

Tarde: Punxeiro.

Tarde/noite: Fariña, disfraces, fulión e troula.



DOMINGO GORDO - 23 de Febreiro

12:00 Desfile de Fuliões, Boteiros e Carrozas ata a Praza Maior.

50 Festa da Androlla

Comida na carpa e Pavillón.

Menú:

Consomé, androlla, chourizo, lacón, grelos e patacas.

Bica, café e queimada.

Prezo: 17€

Tarde/noite: Música polas rúas de Viana.



LUNS DOS CATIVOS - 24 de Febreiro

16:00 Fulión Infantil, xogos tradicionais, disfraces, música e chocolatada.

Tarde/noite: Fulión Trapalleiro.

MARTES DE ENTROIDO - 25 de Febreiro

Mañá: Desfile de Fuliões ata o Cabo da Vila. Sesión Vermú.

16:00 Gran Fariñada e Fuliões por toda a vila.

22:00 Cea dos Fuliões no Pavillón.

00:00 Queima dos Lardeiros.

00:30 Concurso de disface.

Discomóbil e baile.

MÉRCOLES DE CINZA - 26 de Febreiro

Tarde/noite: Enterro da sardiña.

Percorrido polas rúas ata o Cabo da Vila.

Sardiñada popular e torrexas.

